


Consello de Galiza



**Manifesto
a os homes e mulleres
da Terra**

Galegos:

O ano 1969 termiña. Nel prodúxose o anuncio da implantación dunha nova monarquía en Hespaña, sin vencello algún co pasado, e somentes como continuadora do oprobioso réximen franquista. Ninguén pode pois pensare que eixistan posibilidades algunhas de que a vida política peninsoar tome un xiro que augure o inicio do camiño que nos leve a demócratización reclamada e permita que sexa a cidadanía a que por meio dos comicios elixa a quenes deben rexir os destiños do Estado.

Este feito, arbitrario e inconsulto, avalado polas cortes domésticas do franquismo elexidas a dedo, pon en evidencia que quenes pensaron que manter unha política de contemporización co réximen podíanos permitir participar no quefacer destiñado a instaurar un goberno de transición, coa elevación o trono do Conde de Barcelona como rei, foi unha liña fadalmente trabucada e que o ominoso clima hespañol somentes se pode trocar por unha labor decisiva de defensa dos principios polos que morreron centos de milleiros de homes dende o ano 1936 ó ano 1939, sufrindo logo desterro e cadea os máis esgrevios militantes dos campos da liberdade e da democracia.

Vede senón o discurso de Franco diante das Cortes, coas alusións máis infamantes pros que neste intre crucial non comulgan con él; as verbas ameazantes co vivo recordo dunha nova guerra civil si fora necesaria pra impoñer a continuidade do seu réximen; o sumiso xuramento do Príncipe de Hespaña, o aceptar a sua desíñación, de reafirmamento de lealtade o Caudelo e de seguridade de continuar a obra do réximen, creado sobor da sangue e o door de tódolos opositares, e manter o afferollamento da cibdadanía que aspira a vivir en condicións dacordo ca dinidade human. Esto haberá aberto os ollos dos que creeron nunha saída que non fora a de percurar o derrocamento do goberno hespañol e o retorno de Hespaña os vieiros da liberdade e da democracia representativa.

Quedan pois sulagados coa solución creada, prevendo a morte de Franco, os dereitos mínimos dos hespañoles a elexir, e pader ser elexidos, de maneira similar a como se fai nas nacións de todo o mundo. E si elo pode resultar duro pra quenes, aínda sendo demócratas afervoados, manteñen o principio dunha Hespaña unitaria e centralista, pensemos, galegos, o que eso supón pros que pertencendo a pobos de fonda estroitura diferenciada, Galicia, Cataluña i Euzkadi, ven que no troque a producirse de homes na administración do Estado non cambeará, non embargantes, a consideración especial que as carateirísticas de esos mesmos pobos reclaman pra superar situacións que soio cun coñecimento real de cada uno deles poden atoparse.

Galicia seguirá o camiño dooroso que ven facendo logo da lumiosa xornada do Plebiscito, obra xenial do espírito brillante de Alexaxndre Bóveda, que debeu abrir unha etapa de benandanza e prosperidade. Galicia seguirá soportando o aldraxe de funcionarios, chegados da estepa, cerrilmente pechados a todo canto supoña atender as xustas demandas da Nosa Terra. Galicia seguirá postergada en tódolos ámetos, social, cultural, económico, lingüístico, administrativo, político e relixioso,

e vendo como o seu aporte outo as rendas i economía hespañola non ten compensación co que do Estado recibe pras suas necesidades. Queda a as galegos o seguir no pauperismo máis arrepiante, na industrialización máis precaria, na insuficiente renda "per cápita" e na precaria capacidade do insino, ou tamar o vieira ben coñecido, e xa crásico en nós, de emigrar pra que noutros campos poidamos atopar o benestar e a liberdade que nas son negados.

Quede ben en craro, e que ningún se esqueza, de que nada se tracou en Hespaña. Todo seguirá igual senón poñemos a decisión necesaria pra impedir que todo siga o mesmo. Estamos fronte a unha manobra que demostra o desexo do réximen de sobrevivir por enriba de tódolos que non están dispostos a soportala e que son maioría na península. E un feito real que a designación de Xohan Calros, como reemplazante de Franco, supón un trunfo do Opus Deialcontra da opinión das outras forzas que deica agora compartiron o goberno do Caudelo.

E mester que os galegos analicen os acontecementos fronte as novas alternativas coñecidas. Os que pensaron que mantendo relacións con supostos partidos que se creía poderían chegar a gobernar, e, polo tanto, cos que se debería pactar a espera de xogos de apertura no goberno, dánse conta hoxe do seu equivoco.

O franquismo está ferido de morte. Os que claudicaron a espera de certas liberdades mínimas saben xa que ningunha delas será posible e que somentes unha gran fidelidade os nosos ideais será base pra acadar as condicións pra gran xustanza de todos capaz de influir nas solucións que Hespaña necesita. A decisión de Franco, unipersonal, demostra hasta onde este despreza o sentimento e a vontade do pobo.

Fai falla, polo tanto, que todos nos poñamos a traballar decote, a vista do sucedido, por conquistar a axuda de quenes están dispostos a facer o seu aporte a tarefa común: derrocar o franquismo. Todos sin esceición. Os que veñen dende longo tempo aportando o seu esforzo; os que pensaron que trocando o nome de partidos poderían traballar sin angurias; os que habendo cañecido o programa e plataforma do galeguismo non soergueron as bandeiras groriosas que percuraron esquecer; as novas xeneracións que saben cal debe ser a súa postura neste intre crucial e as forzas obreiras i estudantiles galegas, teñen a obriga de deixar de lado todo canto supoña un impedimento pra conxunción de vontades e porse fronte os novos ouxetivos que a hora recrama que son os mesmos que fai trinta anos mobilizaron a cidadanía galega e nan perderon nin vixencia nin aitalidade pois nada se outuvo dende entón.

O camiño non é outro que o dunha estricita e total fidelidade os ideais republicáns, e os do noso pobo, única maneira de chegar a dar a Hespaña as estruturas políticas que den a paz e a liberdade a todos.

Este mensaxe do voso CONSELLO DE GALIZA, Goberno Autonómico Galego no Eislilio, chegarávos no intre en que xa o ano 1970 entrou. Vai pois con el o desexo máis aceso de felicidade pra tódolos irmáns do interior e a seguridade

de que, compenetrados das dificultades que vivides, facemos o que é o noso deber pra manter requentado o sentimento máis solidario convosco e permaentemente chameante o facho dos irrenunciabeles dereitos de Galicia diante do ominoso silencio que debedes soportar.

1970 será ano fecundo en feitos. 1969 supuxo o reencontro dos emigrados con vós nunha etapa de loita i esperanza. As xornadas vosas na dura batalla sonnos ben coñecidas. A intensa gravitación dun clero novo, e post-conciliar, a favore das clás menesterosas; o traballo dos obreiros nacionalistas galegos no interior das Comisións Obreiras; o espírito do estudantado en loitas a cotío; a permanente lealtade dos nosos intelectuales coa Patria; a xornada histórica do 25 de Xulio en Santiago e outros feitos máis, falan do fervore que vos alenta. Ben podemos asinalar que o ano derradeiro foi a pedra sillar do noso futuro. Sigamos o roteiro pra que o aital sexa o da concreción política tan anxeiada. A nova concencia política é un feito que responde as bases programáticas que nos deron os nosos mártires e os nosos devanceiros políticos. ¡Honore a eles!

Neste intre decisivo pro noso porvir, somentes cabe decir a tódolos homes e mulleres da Terra, fronte as necesidades dela: ¡Qué cada un percure cumprir co seu deber!

Cumio Central de
CONSELLO DE GALIZA
Goberno Autonómico de Galicia no Eislido

Dende un lugar da Terra.

Xaneiro de 1970